

GABINETE TÉCNICO DE IGUALDADE



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Capítulo 2. Apoderamento feminino

Co financiamento de:



Capítulo2. Apoderamento feminino

Características da muller apoderada

Como se fala constantemente do apoderamento da muller, desde o Gabinete de Igualdade da CEG imos profundar neste tema que, como xa dicíamos no primeiro capítulo desta serie, correspóndese co obxectivo número 5 da Axenda de Desenvolvemento Sostible (ADS):

“Lograr a igualdade entre os xéneros e apoderar a todas as mulleres e as nenas”

Capítulo.1: No primeiro artigo desta serie, titulado *Sen presenza masculina?*, recollemos distintas **razóns que explican a necesidade deste apoderamento** feminino e a indispensable participación dos varóns.

Este segundo capítulo está dedicado ás **características das mulleres apoderadas:**

- **Son persoas influentes.**

Teñen aptitudes profesionais e actitudes necesarias para converterse en referentes; por tanto, inflúen na súa contorna, e “*contaxian*” o seu apoderamento.

- **Apostan claramente pola innovación.**

Asumen a responsabilidade de explorar camiños innovadores, de promover o cambio, de romper co rol tradicional que lles asignou a sociedade, tanto a nivel persoal como profesional.

- **Saben comunicar.**

Son capaces de facerse entender, de transmitir a súa mensaxe. Destacan en comunicación, negociación e persuasión.

- **Desenvolven o seu propio estilo de liderado.**

Atopan a súa forma de motivar aos seus equipos, de inspirar, sen repetir os tradicionais patróns de liderado masculino.

- **Séntense cómodas na súa pel.**

Non perden tempo tratando de demostrar a súa valía, acéptanse e saben que son valiosas por si mesmas sentíndose merecedoras dos seus logros.

- **Traballan na súa propia evolución.**

Sempre están dispostas a seguir mellorando e crecendo, polo que adoitan involucrarse en proxectos de desenvolvemento persoal, de traballar as súas áreas de mellora...como forma de mellorar a súa relación consigo mesma e cos/as demais.

- **Asumen o “autocuidado” como unha obriga.**

Concederse tempo a si mesmas, estar a soas, coidarse... saben que é unha fonte de beneficios para ela e a súa contorna.

- **Son xenuínas e sinceras.**

Non esperan que ninguén as “salve” das súas emocións, nin esperan que adiviñen o que senten. Saben que merece recibir apoio, e de compartir sen complexos o seu sentir coas persoas próximas.

- **Saben poñer límites.**

Teñen claro cando dicir si e cando dicir non, e fano, pero sen perder de vista a importancia de ser flexible.

- **Non “botan balóns fóra”.**

Asumen a súa responsabilidade nos momentos difíciles, entendendo que a vida nos dá leccións con momentos de crises, frustración, e que forman parte da evolución e a experiencia. Son conscientes que “fallar” só é parte do proceso de crecemento que toda persoa debe experimentar, e isto impúlsalles a seguir medrando en valores, pero sen “perseguir a perfección”.

- **Promoven o empoderamento feminino.**

Non buscan a comparación ou a competición con outras mulleres traballadoras. Conscientes dos obstáculos aos que se enfrenta o colectivo ao que pertence, traballan para contribuír na eliminación das barreiras existentes, e servir de apoio e inspiración a outras profesionais.

Poderíamos resumir estas características nunha frase:

Unha muller empoderada quérese e valórase a si mesma, ten metas e obxectivos, e é consciente do importante de ter o poder da súa propia vida, de ser dona das súas decisións e de estar en constante evolución.